



DECRETO. Aprobación das Bases de participación do I Concurso de Bandas HIP-HOP-RAP 2018

Logo de ver a proposta efectuada pola Concelleira Delegadas de Educación, Xuventude e Saúde con data 12 de xuño de 2018, pola que solicita aprobación das Bases de participación do I Concurso de Bandas HIP HOP-RAP 2018, con motivo da celebración do Día Internacional da Xuventude o 12 de agosto, **RESOLVO:**

Primeiro: Prestar aprobación ás citadas Bases.

Segundo: Ordenar a súa publicación na paxina web do Concello, nos taboleiros informativos do Concello e na Oficina da Xuventude.

CONCELLO DE SADA

Concellaría de Educación, Xuventude e Saúde

DIA INTERNACIONAL DA XUVENTUDE (12 DE AGOSTO)

BASES I CONCURSO DE BANDAS HIP HOP-RAP 2018

1. OBXECTO.

Este certame musical nace con vocación de fomentar a cultura en xeral e a música en particular, difundindo e promocionando as creacións de bandas xuvenís de estilo hip hop-rap e apoiando a escea musical.

Pretende ser unha cita anual na que teñan cabida os traballos presentados por formacións musicais emerxentes, con poucos traballos editados, servindo de impulso favorecedor da participación popular. A motivación será actuar como teloneiros no concerto do 12 de agosto, Día da Xuventude, no que se presenta un cartel con grupos consolidados de tirada nacional.

2. QUEN PODE PARTICIPAR?

- Calquera formación musical cun repertorio propio suficiente como para ofrecer un concerto de até 30 minutos, dentro do estilo hip hop-rap.
- Os/as compoñentes das bandas participantes non poderán formar parte de máis dunha formación das presentadas ó concurso.
- O xurado resérvase o dereito de desestimar a participación dalgunha banda si considerase que non cumpre coas condicións establecidas nestas bases.

3. COMO PARTICIPAR?

- Envíanos o modelo de inscrición a omixsada@gmail.com e 2 cortes de audio en formato MP3. **Tes de prazo ata o 15 de xullo ás 14:00h.** Poderás descargar o modelo de inscrición do I Concurso de Bandas hip hop-rap en:

<http://www.concellodesada.com/ga/concello/educacion-xuventude-e-saude>

<https://www.facebook.com/omix.sada/>

- O prazo de envío de solicitudes comezará a partir da publicación destas bases na web www.concellodesada.com
- Para que a inscrición dunha banda sexa válida deberedes aportar o modelo de inscrición **correctamente cuberto coa documentación necesaria e compartir o cartel do I Concurso de Bandas Hip Hop-rap** (que vos enviaremos) no facebook oficial ou noutros perfís da banda.
- As bandas inscritas participarán nunha selección previa na que un xurado escoitará os audios recibidos para escoller a elixida que participará como teloneira **no concerto do Día da Xuventude o 12 de agosto**. O resultado desa selección previa **farase público a partir na segunda quincena de xullo**.
- Competirase en categoría única.

4. CONCERTO DO I CONCURSO DE HIP HOP-RAP SADA 2018

- A banda seleccionada tocará en directo como teloneiro **no escenario do concerto do Día da Xuventude o 12 de agosto**. Contará cun tempo de 20 minutos para mostrar unha selección do seu repertorio diante do público. Deberán incluír no seu repertorioalomenos un tema presentado á selección previa.
- O concerto **comezará ás 21:00h aproximadamente**.
- Haberá unha reunión con representantes da banda onde se coordinará as necesidades de backline.
- O Concello de Sada aportará o escenario e equipamento de son e iluminación, así como o persoal de produción necesario para organizar do concerto.



C O N C E L L O
D E
S A D A
(A C O R U Ñ A)

- As bandas deberán presentarse no horario de proba de son no que sexan convocadas. Se algunha banda non se presentase no seu horario de proba perdería o dereito á mesma, e tería que defender o seu directo con “ecualización en vivo”.
- O xurado poderá decidir a eliminación do concurso dalgunha banda no caso de que o seu comportamento sexa incorrecto e inaxeitado, así como por faltas de responsabilidade graves que poidan afectar ó funcionamento do evento.

5. PREMIOS DO I CONCURSO DE BANDAS HIP-HOP

Establecerase un único premio:

- **PREMIO Á “MELLOR BANDA DO I CONCURSO DE BANDAS HIP HOP-RAP”:**

(De non poder ofrecer o concerto o 12 de agosto por causas alleas á organización a banda perdería o dereito ó premio).

O premio pode quedar deserto se o xurado considera que os traballos presentados non reúnen a calidade suficiente para como para ofrecer unha actuación previa aos músicos que conformarán o cartel do día 12 de agosto

6. XURADO.

O Xurado, cun número de integrantes non inferior a 3 e un máximo de 7 persoas, poderá estar formado por:

Músicos e produtores, xornalistas musicais, etc ou persoas relacionadas co ámbito musical.

Cada membro dese xurado, fará a súa proposta de grupo gañador do concurso, emitindo un voto único. Aquela banda que obteña máis puntos será a proposta para participar no cartel do concerto do concerto do 12 de agosto. En caso de empate, realizarase unha segunda votación, e así sucesivamente até que se resolva o desempate.

7. CONFORMIDADE, DEREITOS DE IMAXE E LPDP

A participación neste certame supón a total aceptación das presentes bases.

Co fin de garantir os principios de transparencia, accesibilidade da información e veracidade (artigo 2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno), durante o concerto do Día da Xuventude, recolleranse experiencias e fotografías durante o desenvolvemento do evento. Ditas fotografías, nas que poden saír os/as participantes neste concurso, poderán ser divulgadas a través dos servizos da sociedade da información que considere o Concello de Sada (prensa, web, redes sociais, etc).

Os datos persoais derivados da inscrición nesta convocatoria serán tratados, en cumprimento do disposto na Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal. Poderá exercerse o dereito de acceso, rectificación e cancelación, nos termos establecidos na lexislación vixente.